ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2018.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E CINCO MINUTOS** do día **VINTESEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA, JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS.**

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**
Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
2º.- CONCESION DE AXUDAS EN CONCEPTO DE AXUDAS COMPLEMENTARIAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR. CURSO 2018-19.
3º.- URBANISMO.
4º.- EXPEDIENTE 2310/2018. BASES DO XIX CONCURSO DE ESCAPARATES PARA O NADAL 2018-19 .
5º.- SERVIZOS SOCIAIS.
6º.- PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPRENDEDORES.
7º.- DEVOLUCIÓN DE AVAIS.
8º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ADHESIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA AO ACORDO MARCO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPRESIÓN E DIXITALIZACIÓN MUNICIPAL.
9º.- DAR CONTA DE TRÁMITES E ACORDOS VARIOS.

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 15 de Outubro de 2018

2º.- CONCESION DE AXUDAS EN CONCEPTO DE AXUDAS COMPLEMENTARIAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR. CURSO 2018-19.

Vista a proposta da concelleira de Bemestar Social, Educación, Igualdade, Xuventude, Sanidade, Normalización Lingüística e Comunicación Social, Mª Pilar Peón Iglesias, de data 15 de outubro de 2018 que literalmente dí:

"Eu, Pili Peón como concelleira de Benestar Social, , Educación, Igualdade, Xuventude, Sanidade, Normalización Lingüística e Comunicación Social do Concello de Silleda,

EXPOÑO QUE:

Visto, que con data 8 de agosto de 2018 se aproban as NORMAS POLAS QUE SE REXERÁN AS AXUDAS COMPLEMENTRIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS, QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑAN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2018-19.

Visto, que hai 5 familias solicitantes que acadan os requisitos establecidos nas bases.

PROPOÑO:

Á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo: conceder ás familias que reúnen os requisitos o pago das axudas correspondentes que se relacionan a continuación:

DNI	SOLICITANTE	FILLOS/AS	RENDA	CURSO	GASTO TOTAL	IMPORTE VALE	CHEQUE XUNTA
	O.P.L		4.645,36 €	5º PRI	140,94 €	90,94 €	50,00 €
	O.P.L.		"	1º PRI	310,94 €	90,94 €	220,00 €
	S.Z.		517,94 €	3º PRI	168,10 €	118,10 €	50,00 €
	S.A.L.		2.093,68 €	2º PRI	300,72 €	80,72 €	220,00 €
	S.A.L.			3º PRI	130,72 €	80,72 €	50,00 €
	S.S.P.		.349,14 €	3º ESO	149,23 €	99,23 €	50,00 €
	S.S.P.		"	3º PRI	149,23 €	99,23 €	50,00 €
	P.G.V.		1.816,31 €	3ºESO	126,95 €	76,95 €	50,00 €
						736,82 €	

Pili Peón - Concelleira de Benestar Social, , Educación, Igualdade, Xuventude, Sanidade, Normalización Lingüística e Comunicación Social
Silleda, 15 de outubro de 2018"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA**:

- Aprobar a concesión de axudas complementarias para libros de texto e material escolar (Curso 2018-19) segundo listado que consta no expediente.

3º.- URBANISMO.

3.1.- Expte. 429/2017. Rehabilitación de conxunto edificatorio tradicional. Susana Varela Vieites e Juan Manuel Casares González.

Vista a solicitude de licenza, presentada por Susana Varela Vieites y Juan Manuel Casares González, Rexistro de Entrada 1447 de data 29 de marzo de 2017, para rehabilitación de conxunto edificatorio tradicional, no lugar de Lis, parroquia de Moalde (Silleda).

Visto o informe emitido o 17 de outubro de 2018 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante *Susana Varela Vieites e Juan Manuel Casares González*
Data de rexistro *29.MAR.2017* *Nº 1447* *Expediente 429/2017*
Solicitude *Rehabilitación de conxunto edificatorio tradicional*

Tipo de Solicitude *Obra Maior* *Superficie construída: 1323,15 m2*
Emprazamento *Lugar de Lis, Moalde*
Referencia catastral 36052E508005570000HS *Superficie Catastro: 36.263 m2*
Autor do Proxecto *Zara M Villaverde Pena e José Luis Rodríguez González, arquitectos colexiados 3862 e 2897, respectivamente*
Proxecto Básico. *Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)*
Dirección de Obra *n/d*
Dirección de Execución
Exposición pública *BOP* *DOGA* *Prensa*
Orzamento (P.E.M.) 247.010,85 ***€*** *P.E.M. segundo Mbc ano 2010: 564.700,50* ***€***

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
4 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
5 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
6 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
7 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
8 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
9 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
10 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
11 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
12 Planeamento do Concello de Silleda
12.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
12.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
12.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
12.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
12.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
12.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
12.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
12.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
12.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
12.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
12.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
12.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
12.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
13 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Susana Varela Vieites e Juan Manuel Casares González, presentada con R.E. 1447 de 29.MAR.2017. Aporta 2 copias de proxecto técnico asinado por Zara M Villaverde Pena e José Luis Rodríguez González, arquitectos colexiados 3862 e 2897, respectivamente e xustificante de pago de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas1 durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licencia municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como ***Solo rústico****. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 12.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a* ***Rehabilitación de conxunto edificatorio tradicional****, está clasificado como* ***solo de núcleo rural históricotradicional.***

5. O conxunto edificatorio que se pretende rehabilitar encóntrase catalogado no Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente o 18 de marzo de 2016, que figura na ficha 19.04 que se xunta como anexo a este informe. No documento con rexistro de entrada 2228 de 12.MAI.2017 consta separata aclaratoria sobre a antigüidade dun hórreo que forma parte do conxunto, asinada polos redactores do proxecto, con fotografías nas que non se aprecian evidencias que poidan confirmar a súa construción con posterioridade a 1901. Este hórreo atópase aproximadamente a uns 15 metros da edificación máis próxima que se pretende rehabilitar.

6. A ***rehabilitación de vivendas anteriores a 1975*** *está permitida por licenza municipal directa no artigo 40 da Lei do Solo de Galicia e no 63 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.*

7. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	*CUMPRE*
Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:	
a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes. *Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.*	*SI*
b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.	*SI*
c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:	
- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.	*SI*
- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.	*SI*
- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.	*SI*

- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta. *Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.*	*SI*
d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación: *- Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).* *- A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.* *- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.* *Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.* *- Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.* *- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.* *- As condicións de abancalamento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.* *- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.*	*SI*
f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.	*SI*
g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros. *A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.* *Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.*	*Non procede*
Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.	*CUMPRE*
As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42 desta lei, cumprirán as seguintes:As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:	
a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.	*SI*
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos	*Rehabilitación*

de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	*Rehabilitación*
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.	*Rehabilitación*
e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	*SI*
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	*Non procede*
Artigo 92. Protección das vías de circulación.	
1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. *Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).*	*Rehabilitación*
2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.	*SI*

*8. O proxecto presentado non contradi os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito**.*

Parámetro	*Proxectado*	*Esixido Plan Xeral/ LEI SOLO*	*Plan Xeral 2012*	*Cumpre*
Superficie mínima de parcela	*36.263*	*2000*	*3000*	*SI*
Altura de cornixa	*<7,00 m*	*7,00 m*	*7,00*	*SI*
Ocupación máxima		*20%*	*20%*	*Rehabilitación*
Superficie ocupada en planta				*SI*
Número máximo de plantas	*B+1*	*B+1*	*B+1*	*SI*
Recuamento a lindeiros	*>5m*	*5 m*	*5 m*	*SI*
Separación a vía pública	*Existente*	*4 m*	*4 m*	*Rehabilitación*
Acceso rodado	*SI*	*SI*	*SI*	*SI*

*9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.*

*10. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios,** DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.*

*11. O proxecto presentado xustifica o cumprimento ao establecido no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as **normas de habitabilidade de vivendas de Galicia**. (punto 6 da memoria).*

*12. O proxecto presentado xustifica o **tratamento de augas residuais,** segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto, mediante a instalación dunha foxa estanca.*

*13. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o **abastecemento de auga**.*

14. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase inexacto o orzamento que figura na memoria técnica. Aplicando os módulos básicos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do ano 2010, de 520,00 €/m/m2, para un coeficiente de tipo edificatorio, ct, e un coeficiente de tipo de uso cu, multiplicado por 0,9 como corresponde ao Concello de Silleda, obtéñense os valores que se indican a continuación:

Cálculo de presuposto de execución material

nº	Sup	€/m2	Tipo de obra	Ct	Tipo de uso	Cu	Cg	
1	195,37	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas	1	Vivenda	1,1	0,9	100.576,48 €
1	226,36	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas	1	Vivenda	1,1	0,9	116.530,13 €
1	194,84	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas	1	Vivenda	1,1	0,9	100.303,63 €
1	110,96	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas	1	Vivenda	1,1	0,9	57.122,21 €
1	53,54	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas	1	Piscinas descubertas	0,5	0,9	12.528,36 €
1	14,94	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas	1	Almacéns e naves industriais	0,3	0,9	2.097,58 €
1	102,63	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas	1	Vivenda	1,1	0,9	52.833,92 €
1	58,61	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas	1	Granxas	0,3	0,9	8.228,84 €
1	28,61	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas	1	Vivenda	1,1	0,9	14.728,43 €
1	28,61	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas	1	Vivenda	1,1	0,9	14.728,43 €
1	80,30	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas	1	Vivenda	1,1	0,9	41.338,44 €
1	21,22	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas	1	Vivenda	1,1	0,9	10.924,06 €
1	175,00	520	Adecuación interior de plantas baixas e entreplantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas	1	Garaxes e Aparcamentos	0,4	0,9	32.760,00 €
	898,64 m2					PEM		564.700,50 €

15. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, Réxime de usos, a xuízo deste arquitecto, en función da protección especial do solo non que se pretenden executar as obras, sería preciso contar có informe emitido polo seguinte organismo:

> *15.1 Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria (parcela 557, polígono 8 da ZCP de Moalde).*

16. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, ***sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos****:*

> *16.1 Delegación Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de obra, que se pretende executar nas proximidades dun hórreo, do que non se aprecian evidencias que poidan confirmar a súa construción con posterioridade a 1901. Por outra banda, o conxunto edificatorio en si está catalogado no Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente o 18 de marzo de 2016, que figura na ficha 19.04 que se xunta como anexo a este informe.*
>
> *16.1.1 O expediente foi remitido á Delegación Territorial nomeada, que emite autorización asinada o día 17 de setembro de 2018, con CVE2: uaDk2xxYl0,,*

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Rehabilitación de conxunto edificatorio tradicional solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establezan neste informe técnico e nos informes sinalados nos puntos 15 e 16 do mesmo.

Faise constar que o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

> *c) A* ***tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe****.*
> *d)* ***As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados****.*
> *e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.*

*Por outra banda, de acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "****Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente****".*

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria (parcela 557, polígono 8 da ZCP de Moalde)
2. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.
3. Proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico obxecto deste informe.
4. Estudio ou estudio básico de seguridade e saúde.
5. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
6. Folla de edificación e estatística cumprimentada.

7. Certificación de eficiencia enerxética debidamente rexistrada (R.D. 253/2013, artigos 5, 8 e concordantes do D. 42/2009 e concordantes"

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- **CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a SUSANA VARELA VIEITES e JUAN MANUEL CASARES GONZÁLEZ para rehabilitación de conxunto edificatorio tradicional no lugar de Lis, parroquia de Moalde (Silleda), parcela con referencia catastral 36052E508005570000HS, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria (parcela 557, polígono 8 da ZCP de Moalde)
2. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.
3. Proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico obxecto deste informe.
4. Estudio ou estudio básico de seguridade e saúde.
5. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
6. Folla de edificación e estatística cumprimentada.
7. Certificación de eficiencia enerxética debidamente rexistrada (R.D. 253/2013, artigos 5, 8 e concordantes do D. 42/2009 e concordantes.

Segundo.- Liquidación do Imposto de Construccións Instalacións e Obras (ICIO) e taxas.
a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base impoñible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	60,00	0,00

b) Liquidación do ICIO:

Base impoñible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
564.700,50	564.700,50	2,25 %	12.705,76	5.557,74	7148,02

Cuarto.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fín á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción

contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuizo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da *notificación* debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

3.2.- Expte. 221/2018. Rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar. Paz Troitiño López.

Vista a solicitude de licenza, presentada por Paz Troitiño López, Rexistro de Entrada 2018-E-RE-4, de data 19 de xaneiro de 2018, para Rehablitación e ampliación de vivenda unifamiliar, no lugar de Galán, n.º 8, parroquia de Laro (Silleda).

Visto o informe emitido o 05 de novembro de 2018 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"*Solicitante* *Paz Troitiño López*
Data de rexistro *19.ENE.2018* *Nº 2018-E-RE-4* *Expediente 221/2018*
Solicitude *Rehabilitación e ampliación de vivienda unifamiliar*
Emprazamento *Galán, nº 8, Laro*
Referencia catastral 36052S502001580000KU *Coordenadas UTM 29 ETRS89:*
Parcela rexistral *n/d* *X: 564474.51 m Y: 4719968.60 m*
Clase de solo *Solo rústico* *Superficie construída: 201.35 m2*
Autor do Proxecto *José Luis Sanmiguel Guerreiro, Arquitecto colexiado 2564*
Proxecto Básico. *Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)*
Dirección de Obra *n/d*
Oficio de Dirección
Dirección de Execución n/d
Oficio Direc. Execución
Orzamento (P.E.M.) 30.000,00 € € *P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €*

<u>NORMATIVA DE APLICACIÓN:</u>

1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana
2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación. urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro.
4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002.
7 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
12 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.
13 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
14 Planeamento do Concello de Silleda
14.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
14.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
14.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
14.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
14.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
14.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
14.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
14.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
14.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
14.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
14.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
14.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
14.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
15 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Emítese informe técnico sobre o expediente 221/2018, de solicitude de licenza asinada por Paz Troitiño López, presentada con R.E. 2018-E-RE-4 de 19.ENE.2018. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por José Luis Sanmiguel Guerreiro, Arquitecto colexiado 2564 e xustificante de pagamento de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas1 durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licencia municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas de habitabilidade de vivendas, as normativas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

INFORME TÉCNICO:

*4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Rehabilitación e ampliación de vivienda unifamiliar** , está clasificado como **solo de núcleo rural históricotradicional**.*

*5. A **rehabilitación de vivendas anteriores a 1975** está permitida por licenza municipal directa no artigo 40 da Lei do Solo de Galicia e no 63 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Nas ortofotos do voo americano do ano 1956 apréciase a existencia dunha edificación nese emprazamento.*

6. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	*CUMPRE*
Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:	
a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes. *Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.*	*SI*
b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.	*SI*
c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:	
- As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.	*SI*
- O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.	*SI*
- Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.	*SI*
- A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta. *Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.*	*SI*
d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación: *- Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m).* *- A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas.* *- A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.* *Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.* *- Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.* *- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.* *- As condicións de abancalamento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse*	*SI*

e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos. *- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.*	
f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.	*Non procede*
g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvagardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros. *A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.* *Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.*	*SI*[2] *Non procede*
Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.	*CUMPRE*
As construcións en solo rústico distintas das sinaladas no artigo anterior, ademais das condicións xerais especificadas no artigo 42 desta lei, cumprirán as seguintes:As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:	
a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.	*SI*
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	*SI*
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	*SI*
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.	*Si*
e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	*SI*
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	*Non procede*
Artigo 92. Protección das vías de circulación.	
1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. *Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).*	*N/d*
2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.	*SI*

7. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que ***está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.***

8. O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

Parámetro	*Proxectado*	*Esixido Plan Xeral/ LEI SOLO*	*Cumpre*
Superficie de parcela	*1.736*	*2000*	*SI*
Altura de cornixa	*6,01 m*	*7,00 m*	*SI*
Superficie ocupada en planta			*SI*
Número máximo de plantas	*B+1*	*B+1*	*SI*
Recuamento a lindeiros	*> 5 m*	*5 m*	*SI*
Separación a vía pública	*> 4 m*	*4 m*	*SI*
Acceso rodado	*SI*	*SI*	*SI*

9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no ***Documento Básico Seguridade en caso de Incendios****, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.*

11. O proxecto presentado xustifica o cumprimento ao establecido no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as ***normas de habitabilidade de vivendas de Galicia****. (planos nº a13 e a14 e no punto "6.1 Justificación del decreto 29/2010 – normas de habitabilidade de viendas de Galicia" da memoria).*

12. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o ***tratamento de augas****, xa que non é o obxecto do proxecto a rehabilitación da vivenda.*

13. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o ***abastecemento de auga****, xa que non é o obxecto do proxecto a rehabilitación da vivenda.*

14. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

15. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, Réxime de usos, a xuízo deste arquitecto, en función da protección especial do solo non que se pretenden executar as obras, sería preciso contar có informe emitido polo seguinte organismo:

15.1 Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.

16. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Rehabilitación e ampliación de vivienda unifamiliar solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Faise constar que o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

c) ***A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.***
d) ***As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.***
e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

*Por outra banda, de acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "****Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.***

A continuación examinase si se adoptaron todalas medidas correctoras impostas na licencia e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas, e o recollido na certificación final de obra, e están amparadas pola licenza municipal según Xunta de Goberno Local do día 13 de marzo de 2017.

De todo isto resulta que SI pode iniciarse a actividade de "Construcción de cortes de vacún no lugar de Chousa do Lodo. Fontefría-Xestoso, na parcela con referencia catastral 36052A059004290000KO (Silleda)".

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación de data 07 de novembro de 2018 e o acordo da Xunta de Goberno Local do 01 de agosto de 2017 acorda:

Primeiro.- A concesión de licenza de actividade definitiva a GANADERÍA O SANTO, S.C., para Construcción de cortes de vacún no lugar de Chousa do Lodo. Fontefría-Xestoso, na parcela con referencia catastral 36052A059004290000KO.

Segundo.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fín á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuizo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

Terceiro.- Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

3.10.- Expte 1460/2017. Devolución ICIO. MERCEDES BERTOLO VENCE.

VISTA a reclamación de devolución do ICIO presentada por MERECEDES BERTOLO VENCE, DNI 35.223.945-C, en relación cunha licenza de obras concedida na Xunta de Governo Local de 5 de Maio de 2005, para un edificio de 4 plantas e 32 vivendas na R Xeral s/n de Silleda,

Visto que, polo Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil, con data 17 de outubro de 2018, emiteuse o seguinte informe:

"Solicitante Mercedes Bértolo Vence
Data de rexistro 23.NOV.2017 Nº 2017-E-RC-5205 Expediente 1460/2017
Emprazamento Rúa Xeral, s/nº, Silleda
Referencia catastral 36052K503060220000ES
ASUNTO: Devolución de ICIO

ANTECEDENTES:

1. A Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda do día 5 de maio de 2005 concedeu licenza pra a construción de edificio de dúas plantas soto para garaxe, planta baixa para local libre, catro plantas altas para 32 vivendas e e planta baixo cuberta para rochos aos promotores José Docasar Follán e Mercedes Bértolo Vence.

INFORME:

2. Xirada visita de inspección o día 17 de outubro de 2018, constátase que estas obras están sen executar, como se aprecia na fotografía que se xunta."

A Xunta de Goberno **ACORDA:**

DENEGAR A DEVOLUCIÓN DO ICIO, interesada xa que a obra non se executou, e a licenza caducou (caducidade que se produce *ope legis* polo mero transcurso do prazo, 3 anos de acordo co art. 145 da Lei do Solo de Galicia), sendo entón cando o suxeito pasivo pode solicitar a devolución das cantidades ingresadas a conta do ICIO, e a partir desa data cando se debe entender que empeza a correr o prazo de prescrición de 4 anos para solicitar a devolución das cantidades abonadas a conta. Así, unha vez haxan transcorrido catro anos desde a caducidade da licenza, e sempre que a obra non se realizou -lémbrese que o feito impoñible do ICIO está constituído pola realización de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtívose ou non dita licenza-, si poderá invocarse pola Administración que prescribiu o dereito do suxeito pasivo á devolución das cantidades ingresadas a conta.

Neste caso, a licenza cadocou o 5 de Maio de 2008 (3 anos) e o dereito a reclamar a devolución rematou en data 5 de Maio de 2012.

4º.- EXPEDIENTE 2310/2018. BASES DO XIX CONCURSO DE ESCAPARATES PARA O NADAL 2018-19 .

Vista a proposta do concelleiro de Comercio, Benito Saavedra Vázquez, de data 08 de novembro de 2018 que literalmente dí:

"Elaboradas polo Departamento de Comercio as Bases do XIX Concurso de Escaparates para o Nadal 2018-19 baixo a supervisión desta Concellería, seguindo as pautas de anos anteriores.

Visto que no orzamento de gastos figuran varios apartados, a saber: 1º Premio de 200 euros, 2º de Elaboración de Diplomas e Cheques (72,60 Euros) e 3º de Reunión de Calificación (125,00 Euros).

Esta Concellería de Comercio acorda propoñer a Xunta de Goberno:

1.- A aprobación das Bases da XIX edición do Concurso de Escaparates a celebrar entre o 6 de Decembro de 2018 e o 5 de xaneiro de 2019.

2.- A aprobación do pago da cantidade de 200,00 € como pago en efectivo do 1º premio outorgado polo Concello conforme ás bases establecidas.

3.- A aprobación dos gastos estimados dos conceptos de: elaboración de Diplomas e Cheques, (72,60 Euros) e, dos producidos con motivo da Reunión da Xunta de Calificación (125,00 euros).

3- Dar conta á Intervención do acordo para que realice os pagos, cando proceda."

Vistas as Bases do XIX Concurso de Escaparates para o Nadal 2017-18, que transcríbense a continuación:

"XIX CONCURSO DE ESCAPARATES "NADAL GALEGO 2018-19" - BASES

OBXECTIVOS

Estimular nos comerciantes e empresas do municipio o movemento dos escaparates, de maneira que se dispoñan artisticamente e con sentido publicitario e comercial os produtos que se mostran.

Crear un ambiente máis festivo e que motive aos veciños de Silleda e visitantes a ver e mercar nos comercios locais.

PARTICIPANTES E INSCRICIÓNS

Poderán participar tódolos comerciantes e empresarios do Concello que posúan escaparates de exterior preparados de acordo cas condicións xerais que regulan o concurso.

Non se esixirá inscrición previa mais, unha Comisión de Admisión determinará que establecementos entrarán a formar parte do grupo de seleccionados para o concurso final.

ÁMBITO

O ámbito será municipal. Calquera establecemento comercial, se cumpre as condicións mínimas requiridas poderá ser considerado concursante.

PREMIOS

1º.- PREMIO CONCELLO DE SILLEDA: 200,00 € e Diploma, outorgado polo Concello de Silleda.
2º.- PREMIO AO MÁIS ORIXINAL E INNOVADOR: 150,00 € e Diploma, outorgado polo HOTEL VIA ARGENTUM.
3º.- PREMIO AO MÁIS COMERCIAL CON EXPOSICIÓN DO PRODUTO : 100,00 € e Diploma, outorgado pola ESTACIÓN DE SERVICIO SILLEDA.

DESENVOLVEMENTO

1.-Para determinar quen participa, a organización anotará aqueles que a partir do 6 de Decembro de 2018 teñan os seus escaparates elaborados conforme ós requisitos e merezan ao seu criterio a participación.

2.-En datas posteriores, sempre dentro do tempo esixido de exposición, o Xurado sen previo aviso realizará a súa avaliación, observando un a un cada escaparate dos previamente seleccionados pola Comisión de Admisión.

3.-Os premios serán outorgados a aqueles concursantes que en base a 10 puntos por cada concepto, acaden a máxima global segundo os seguintes criterios de valoración:

ORIXINALIDADE E INNOVACIÓN
ILUMINACIÓN
COMERCIAL E DE EXPOSICIÓN DO PROPIO PRODUTO .

4.-As deliberacións do xurado serán secretas e as súas decisións inapelables en todo caso, podendo declarar desertos todos ou cada un dos premios previstos.

5.-Tendo en conta as diferenzas existentes entre os distintos comercios e os produtos que se poden expoñer, valoraranse os medios e recursos cos que se contan así como o esforzo feito en cada traballo.

ENTREGA DOS PREMIOS

Os premios serán entregados o día 3 de xaneiro de 2019, no Salón de Plenos do Concello previa comunicación de resultados.

COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará composto por varias persoas, mínimo tres, con cualificación suficiente para saber valorar os traballos que se expoñan. Na presente edición estará integrado polo alumnado e profesorado do Ciclo Superior de Xestión de Vendas e Espazos Comerciais do IES Pintor Colmeiro de Silleda, coa limitación de que non poderán ter relación directa cos participantes dos escaparates.

Estará presidido polo Concelleiro de Comercio do Concello de Silleda.

CONDICIÓNS XERAIS

1.-Só entrarán en concurso escaparates de exterior.

2.-Deberán estar elaborados na semana do día 6 de Decembro do 2018, data a partir da que a organización determinará os que entren a participar, e permanecerán en exposición ata o día 5 de Xaneiro do 2019. Durante estes días, intentarase non modificar o escaparate concursante en canto ó contido e non poderán engadirse carteis ou reclamos que modifiquen o verdadeiro espírito do concurso.

3.-Nos deseños ou exposicións deberán ofrecerse detalles alusivos ás festas do momento,con presenza obrigada de produtos de venda do establecemento, sendo libre a temática a empregar. Valorarase o esforzo por renovar os escaparates e o uso do galego nas mensaxes.

4.-Co ánimo de favorecer a participación masiva, só se poderá conceder un premio por comercio, aínda que prepare varios escaparates, podendo obter máis, se dita empresa tivese sucursais, suposto no que sería considerado coma un concursante distinto.

No suposto de contar un establecemento con varios escaparates, entrará a concurso un deles, o cal será claramente diferenciado do resto. Neste caso a comisión terá en conta esta circunstancia.

5.-Tamén co desexo de dar maior promoción ó comercio do concello, deberán manterse iluminados os escaparates, ata as nove da noite.

6.-A participación no Concurso supón a total aceptación das presentes bases."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA** aceptar a proposta do Concelleiro de Comercio, de data 08 de novembro de 2018, e polo tanto:

1.- A aprobación das Bases da XIX edición do Concurso de Escaparates a celebrar entre o 6 de Decembro de 2018 e o 5 de xaneiro de 2019.

2.- A aprobación do pago da cantidade de 200,00 € como pago en efectivo do 1º premio outorgado polo Concello conforme ás bases establecidas.

3.- A aprobación dos gastos estimados dos conceptos de: elaboración de Diplomas e Cheques, (72,60 Euros) e, dos producidos con motivo da Reunión da Xunta de Calificación (125,00 euros).

3- Dar conta á Intervención do acordo para que realice os pagos, cando proceda.

5º.- <u>SERVIZOS SOCIAIS.</u>

5.1.- Expte. 1189/2018. Solicitude de comunicación de alta no SAF na modalidade de libre concorrencia de D.I.L..

Dase conta do informe social elaborado por Mª Celia González Peteiro, Traballadora Social do Concello, asinado o 31 de outubro de 2018, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de libre concorrencia, de:

Nome a Apelido	Enderezo
D.I.L.	----------

A **Xunta de Goberno Local,** por unanimidade dos presentes, **acorda** a alta no SAF na modalidade de libre concorrencia, a **D.I.L.** segundo informe da Traballadora Social asinado o 31 de outubro de 2018.

5.2.- Expte. 1381/2018. Solicitude de comunicación de alta no SAF na modalidade de libre concorrencia de O.N.P.

Dase conta do informe social elaborado por Mª Celia González Peteiro, Traballadora Social do Concello, asinado o 31 de outubro de 2018, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de libre concorrencia, de:

Nome a Apelido	Enderezo
O.N.P	

A **Xunta de Goberno Local,** por unanimidade dos presentes, **acorda** a alta no SAF na modalidade de libre concorrencia, a **O.N.P.** segundo informe da Traballadora Social asinado o 31 de outubro de 2018.

5.3.- Expte. 2307/2018. Solicitude de comunicación de alta no SAF na modalidade de libre concorrencia de J.A.A.R..

Dase conta do informe social elaborado por Mª Celia González Peteiro, Traballadora Social do Concello, asinado o 31 de outubro de 2018, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de libre concorrencia, de:

Nome a Apelido	Enderezo
J.A.A.R.	

A **Xunta de Goberno Local,** por unanimidade dos presentes, **acorda** a alta no SAF na modalidade de libre concorrencia, a **J.A.A.R.** segundo informe da Traballadora Social asinado o 31 de outubro de 2018.

5.4.- Expte. 2309/2018. Solicitude de comunicación de alta no SAF na modalidade de libre concorrencia de J.I.V.

Dase conta do informe social elaborado por Mª Celia González Peteiro, Traballadora Social do Concello, asinado o 31 de outubro de 2018, para expediente de comunicación, por vía de urxencia, de alta no SAF na modalidade de libre concorrencia conxuntamente co servizo de xantar na casa, de:

Nome a Apelido	Enderezo
J.I.V.	

A **Xunta de Goberno Local,** por unanimidade dos presentes, **acorda** a alta, por vía de urxencia, no SAF na modalidade de libre concurrencia conxuntamente co servizo xantar na casa, a **J.I.V.** segundo informe da Traballadora Social asinado o 31 de outubro de 2018.

6º.- PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPRENDEDORES.

6.1.- Expte 2388/2018. Visto o escrito con Rexistro de Entrada nº 3886 de data 12 de setembro de 2018, presentado por MARIA ANTONIETA GONZÁLEZ OUZANDE, para a apertura dun comercio menor de toda clase de artigos (roupa, calzado, limpeza e outros).

VISTAS as Bases Reguladoras de Plan Municipal de Axuda a Emprendedores, publicadas no BOP nº 95 de data 18 de maio de 2018 e a proposta da concelleira Ana Luisa Gonzalez Costa de recoñecer unha axuda polo importe de 900,00 €; unha vez comprobada a documentación acreditativa dos mesmos, a favor de MARIA ANTONIETA GONZÁLEZ OUZANDE, para a apertura dun comercio menor de toda clase de artigos (roupa, calzado, limpeza e outros), no lugar de Castro Castriño, nº 14, parroquia de Piñeiro (Silleda).

VISTO o gasto xustificado documentalmente e tendo en conta o disposto nas Bases Reguladoras,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

1. CONCEDER a MARIA ANTONIETA GONZÁLEZ OUZANDE, para a apertura dun comercio menor de toda clase de artigos (roupa, calzado, limpeza e outros), unha axuda de **900 €**, no lugar de Castro Castriño, nº 14, parroquia de Piñeiro (Silleda), coa abriga de cumprir con tódalas esixencias das Bases, incluíndo a instalación dun cartel identificativo desta subvención.

6.2.- Expte 2213/2018. Visto que por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15 de outubro de 2018, y en relación o escrito con Rexistro de Entrada 2196, de data 15 de maio de 2018, de ANTONIO FERNÁNDEZ PAZ, solicitando axuda a emprendedores para a apertura dunha actividade de "Instalación de Fontanería", acordouse que polo solicitanhte deberían subsanarse defectos da solicitude.

VISTO que polo solicitante preséntase subsanadión de defectos.

VISTAS as Bases Reguladoras de Plan Municipal de Axuda a Emprendedores, publicadas no BOP nº 95 de data 18 de maio de 2018 e a proposta da concelleira Ana Luisa Gonzalez Costa, de data 20 de novembro de 2018, de recoñecer unha axuda polo importe de 600,00 €; unha vez comprobada a documentación acreditativa dos mesmos, a favor de ANTONIO FERNÁNDEZ PAZ, para apertura dunha actividade de "Instalación de Fontanería", no lugar de Taboadavella, nº 56, parroquia de Taboada (Silleda).

VISTO o gasto xustificado documentalmente e tendo en conta o disposto nas Bases Reguladoras,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

1. **CONCEDER** a ANTONIO FERNÁNDEZ PAZ, para apertura dunha actividade de "Instalación de Fontanería", unha axuda de **600 €**, no lugar de Taboadavella, nº 56, parroquia de Taboada (Silleda), coa abriga de cumprir con tódalas esixencias das Bases, incluíndo a instalación dun cartel identificativo desta subvención.

7º.- <u>DEVOLUCIÓN DE AVAIS.</u>

7.1.- Expte. 2431/2018. Escrito de **ENDENOR CONSTRUCCIÓN, MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.**, Rexistro de Entrada nº 2017-E-RC-3597, de data 07 de agosto de 2017, solicitado devolución de aval correspondente a obra CERRAMENTO EN FACHADAS DE PISTAS DE PADEL, por importe de **1.644,49 €** de data 10 de Xuño de 2016.

VISTO que polo Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil, en data 23 de novembro de 2018 emítese o seguinte informe:

"Solicitante ENDENOR CONSTRUCCIÓN, MANTENIMIENTO Y SERVICIOS SL
Data de rexistro 07.MAI.2017 Nº 2017-E-RC-3597 Expediente 2431/2018
Emprazamento O Castro, Silleda
Referencia catastral
ASUNTO: Devolución de aval

INFORME:

1. Consta no expediente acta de recepción de obra asinada o día 31 de xullo de 2016, por tanto, os prazos de garantía legalmente establecidos estarían superados no momento da solicitude de devolución de aval.

2. Porén, efectuada visita de inspección o día 13 de xullo de 2017, apréciase que as obras executadas están un bo estado, salvo vicios ocultos.

3. Non consta nesta oficina técnica de vías e obras, escrito algún ou expediente de reclamación sobre algunha eventual incidencia desta obra.

4. Por tanto, estímase conveniente a devolución do aval depositado polo contratista".

VISTO que por parte do Concello non existe reparo algún para devolución solicitada, logo da revisión do Arquitecto.

SE ACORDA:

- Proceder a devolución do AVAL de **ENDENOR CONSTRUCCIÓN, MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.**, correspondente a obra CERRAMENTO EN FACHADAS DE PISTAS DE PADEL, por importe de **1.644,49 €** da Sociedad de Garantía Recíproca de la Pequeña y Mediana Empresa de Pontevedra y Ourense, S.G.R., nº 010000020784, de data 10 de xuño de 2016, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

7.2.- Expte. 2424/2018. Escrito de **ENDENOR CONSTRUCCIÓN, MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.**, Rexistro de Entrada nº 2018-E-RC-1615, de data 05 de abril de 2018, solicitado devolución de aval correspondente a obra REFORMA DE PISCINA DE SILLEDA, por importe de **2.020,51 €** de data 07 de Abril de 2017.

VISTO que polo Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil, en data 23 de novembro de 2018 emítese o seguinte informe:

"Solicitante ENDENOR CONSTRUCCIÓN, MANTENIMIENTO Y SERVICIOS SL
Data de rexistro 05.ABR.2018 Nº 2018-E-RC-1615 Expediente 2424/2018
Emprazamento Avenida Recinto Feiral, Silleda
Referencia catastral
ASUNTO: Devolución de aval

INFORME:

1. Consta no expediente acta de recepción de obra asinada o día 8 de abril de 2015, por tanto, os prazos de garantía legalmente establecidos estarían superados no momento da solicitude de devolución de aval.

2. Porén, efectuada visita de inspección o día 13 de xullo de 2017, apréciase que as obras executadas están un bo estado, salvo vicios ocultos.

3. Non consta nesta oficina técnica de vías e obras, escrito algún ou expediente de reclamación sobre algunha eventual incidencia desta obra.

4. Por tanto, estímase conveniente a devolución do aval depositado polo contratista."

VISTO que por parte do Concello non existe reparo algún para devolución solicitada, logo da revisión do Arquitecto.

SE ACORDA:

- Proceder a devolución do AVAL de **ENDENOR CONSTRUCCIÓN, MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.**, correspondente a obra REFORMA DE PISCINA DE SILLEDA, por importe de **2.020,51 €** da Sociedad de Garantía Recíproca de la Pequeña y Mediana Empresa de Pontevedra y Ourense, S.G.R., nº 010000021174, de data 07 de abril de 2017, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

7.3.- Expte. 2430/2018. Escrito de **ENDENOR CONSTRUCCIÓN, MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.**, Rexistro de Entrada nº 2017-E-RC-3073, de data 03 de xullo de 2017, solicitado devolución de aval correspondente a obra INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA DA CULTURA DE SILLEDA, por importe de **2.523,08 €** de data 08 de Setembro de 2015.

VISTO que polo Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil, en data 23 de novembro de 2018 emítese o seguinte informe:

"Solicitante ENDENOR CONSTRUCCIÓN, MANTENIMIENTO Y SERVICIOS SL
Data de rexistro 03.XUL.2017 Nº 2017-E-RC-3073 Expediente 2430/2018
Emprazamento Rúa Progreso, 41, Silleda
Referencia catastral 1881021NH6218S0001WG
ASUNTO: Devolución de aval

INFORME:

1. Consta no expediente acta de recepción de obra asinada o día 31 de maio de 2016, por tanto, os prazos de garantía legalmente establecidos estarían superados no momento da solicitude de devolución de aval.

2. Porén, efectuada visita de inspección o día 23 de novembro de 2018, apréciase que as obras executadas están un bo estado, salvo vicios ocultos.

3. Non consta nesta oficina técnica de vías e obras, escrito algún ou expediente de reclamación sobre algunha eventual incidencia desta obra.

4. Por tanto, estímase conveniente a devolución do aval depositado polo contratista."

VISTO que por parte do Concello non existe reparo algún para devolución solicitada, logo da revisión do Arquitecto.

SE ACORDA:

- Proceder a devolución do AVAL de **ENDENOR CONSTRUCCIÓN, MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.**, correspondente a obra INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NO EDIFICIO DA CASA DA CULTURA DE SILLEDA, por importe de **2.523,08 €** da Sociedad de Garantía Recíproca de la Pequeña y Mediana Empresa de Pontevedra y Ourense, S.G.R., nº 010000020342, de data 08 de setembro de 2015, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

7.4.- Expte. 2326/2018. Escrito de **DOCUMENTACIÓN E IMAGEN DEL NOROESTE, S.L.**, Rexistro de Entrada nº 2018-E-RC-4122, de data 28 de setembro de 2018, solicitado devolución de aval correspondente ó CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE A MODALIDADE DE RENTING DE DUAS MÁQUINAS FOTOCOPIADORAS, por importe de **534,48 €** de data 16 de Decembro de 2008.

VISTO que por parte do Concello non existe reparo algún para devolución solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA**:

- Proceder a devolución do AVAL de **DOCUMENTACIÓN E IMAGEN DEL NOROESTE, S.L.**, correspondente ó CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE A MODALIDADE DE RENTING DE DUAS MÁQUINAS FOTOCOPIADORAS, por importe de **534,48 €** do Banco Sabadell, S.A., nº 10000506951, de data 16 de decembro de 2008, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

7.5.- Expte. 284/2017. Escrito de **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, Rexistro de Entrada nº 2018-E-RE-204, de data 16 de novembro de 2018, solicitado devolución de aval correspondente a obra de MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE VIAIS MUNICIPAIS DE GRABA, MOALDE E BANDEIRA, CONCELLO DE SILLEDA, por importe de **9.450,00 €,** de data 01 de agosto de 2017.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar ó Arquitecto Municipal informe previo, para determinar si procede a devolución do mencionado aval.

7.6.- Expte. 284/2017. Escrito de **CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.**, Rexistro de Entrada nº 2018-E-RE-203, de data 16 de novembro de 2018, solicitado devolución de aval correspondente a obra de MELLORA DO VIAL DE ACCESO OESTE AO RECINTO DA FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA, por importe de **2.066,03 €,** de data 28 de setembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar ó Arquitecto Municipal informe previo, para determinar si procede a devolución do mencionado aval.

7.7.- Expte. 284/2017. Escrito de **CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.**, Rexistro de Entrada nº 2018-E-RE-203, de data 16 de novembro de 2018, solicitado devolución de aval correspondente a obra de MELLORA DO VIAL DE ACCESO OESTE AO RECINTO DA FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA, por importe de **2.066,03 €,** de data 28 de setembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar ó Arquitecto Municipal informe previo, para determinar si procede a devolución do mencionado aval.

7.8.- Escrito de Mª del Carmen Cabaleiro Fernández, en representación de **AGROMAQUINARIA SILLEDA, S.L.**, Rexistro de Entrada nº 4848, de data 19 de novembro de 2018, solicitado devolución dos seguintes avais:

- Concepto: SUMINISTRO DE TRACTOR POLIVALENTE DESTINADO O SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE REDES VIARIAS DO CONCELLO DE SILLEDA.
- Importe: 2.066,10 €
- Data: 07 de xullo de 2016

- Concepto: SUMINISTRO DE DUAS DESBROZADORAS DE BRAZO DESTINADAS O SERVIZO DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE REDES VIARIAS DO CONCELLO DE SILLEDA.
- Importe: 1.350,00 €
- Data: 07 de xullo de 2016

A Xunta de Goberno Local acorda que polo Concelleiro de Obras se informe sobre si procede a devolución dos mencionados avais.

8º.- <u>CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ADHESIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA AO ACORDO MARCO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPRESIÓN E DIXITALIZACIÓN MUNICIPAL.</u>

Visto o Convenio de colaboración para a adhesión das entidades locais da provincia ao acordo marco tramitado pola Deputación de Pontevedra para a contratación dos servizos de impresión e dixitalización municipais, de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:,

Primeiro. A aprobación do citado Convenio nos termos expresados co compromiso de cumprir e facer cumprir as obrigas municipais derivadas de mesmo.

Segundo. A adhesión ao acordo marco da Deputación Provincial de Pontevedra para a contratación dos
servizos de impresión e dixitalización municipais.

Terceiro. Designar, a todos os efectos, como responsable do Concello no presente expediente a Dº Manuel Cuiña Fernández (Alcalde-Presidente do Concello de Silleda).

Cuarto. Trasladar o presente acordo de adhesión ao Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación Provincial de Pontevedra aos efectos oportunos.

Transcríbese o texto do convenio:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ADHESIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA AO ACORDO MARCO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTRATACiÓN DO SERVIZO DE IMPRESIÓN E DIXITALIZACIÓN MUNICIPAL

En Pontevedra, a __ de de 2018

REUNIDOS

Dona María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial, de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

D./Dona _____, Alcalde/Alcaldesa do Concello de _____J Presidente/a da Mancomunidade / Entidade local menor de _____actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladoradas Bases do Réxime Local.

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra, no seu afán de mellorar a prestación dos servizos TIC aos cidadáns e entidades locais da provincia, trazou un carreiro de actuacións iniciadas no ano 2016 cuxa finalidade é a prestación de servizos baixo distintos modelos de adhesión. Mediante estes modelos a Deputación de Pontevedra pretende pór a disposición das entidades locais unha maneira sinxela de acceder a servizos en condicións competitivas, á vez que se evita que aquelas se vexan obrigados a levar a cabo de maneira unilateral a execución de complexos procesos de licitación pública.

Para este ano 2017 a Deputación de Pontevedra prepárase para abordar unha licitación que permita ás entidades locais da provincia acceder aos servizos de impresión e dixitalización máis comúns.

Este concurso público ten como obxectivo a formalización das condicións e dos prezos máximos aplicables a un conxunto de servizos relacionados coa impresión e dixitalización de documentos recollidos no procedemento. Desta maneira, e unha vez adxudicado o contrato, as entidadeslocais adheridas poderán solicitar ao adxudicatario a prestación dos servizos regulados no mesmo, beneficiándose con iso dos prezos e condicións establecidos nese contrato.

Segundo.- Esta nova iniciativa provincial ten a súa xustificación xa que logo a situación actual dos concellos da provincia de Pontevedra pon de manifesto un escenario no que maioritariamente cada un dispón dun parque de sistemas de impresión de varias marcas e modelos, baseado principalmente en sistemas de impresoras de rede de pequenos grupos de traballo ou sistemas monousuario mediante unha impresora conectada ao seu equipo local.

Ademais cada un destes concellos dispón do seu propio contrato individual co que non sempre logrou conseguir as condicións económicas e de servizo máis favorables.

Esta situación en xeral provoca as seguintes deficiencias:

Os contratos de mantemento non se atopan en moitos casos unificados, resultando ser de varios provedores ou nalgúns casos mesmo inexistentes.

Prodúcese unha dificultade extrema na xestión do parque de impresoras e da facturación do mesmo.

Custos de mantemento e servizo elevados.

Os equipos en moitos dos concellos son, na súa gran maioría, de baixas prestacións e en ocasións inadecuados para a prestación do servizo que deles se require.

Tempos de inoperatividade de equipos e xanelas de reparación e subministración de compoñentes moi elevado (servizo de soporte e mantemento baixo demanda sen acordos de nivel de servizo ou SLA definido de maneira contractual).

Dificultades á hora de levar a cabo as licitacións públicas destes servizos.

Esta situación provoca que tanto os custos de copia impresa como de persoal asociado ao mantemento dos equipos sexan demasiado elevados, así como en moitos casos, a insatisfacción por parte do usuario final do sistema de impresión e dixitalización.

Terceiro.- Por todo isto proponse racionalizar o sistema de impresión cambiando o modelo de xestión individual de cada entidade local por un sistema mediante un contrato único que abarque todas as necesidades de contratación, facturación, xestión e rnanternento dos sistemas de impresión e dixitalización, en réxime de arrendamento e modalidade de pagamento por páxina, para as entidades locais da provincia que ostenten esa condición segundo o disposto no artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e nas disposicións transitorias cuarta e quinta da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Entre outras vantaxes, o novo sistema permitirá:

- Obter condicións de servizo máis favorables e custos máis competitivos que as que conseguiría unha entidade cunha licitación individual.

- Facilitar a xestión administrativa dos contratos dos servizos de impresión e dixitalización.

- Unificar o parque de equipos de impresión e dixitalización de acordo ás necesidades reais de cada entidade e facilitar a xestión do mesmo.

Cuarta. O artigo 38 da nova Directiva 2014/24, baixo a denominación «Contratación conxunta esporádica», contempla a posibilidade de que dous ou máis poderes adxudicadores poidan acordar a realización conxunta de determinadas contratacións específicas, establecendo diferentes réximes de responsabilidade.

O termo «contratación conxunta» ten un carácter xenérico que pode ter varias manifestacións a través de distintas formulas (acordos marco, sistemas dinámicos e centralización de obras, servizos e subministracións en servizos especializados), regulados no Titulo 11 do Libro 111 do TRLCSP.

Ante a ausencia dunha central de contratación na Deputación, optouse pola opción máis sinxela e con; menos carga burocrática, consistente na adhesión voluntaria dás entidades locais ao acordo marco dá Deputación para a contratación do servizo de impresión e dixitalización municipal, cun corpo mínimo de obrigas ben delimitadas e definidas nun Convenio de colaboración.

Cada poder adxudicador será único responsable respecto das partes que leve a cabo no seu propio nome e por conta propia.

A actuación da entidade tramitadora (Deputación) culminará coa formalización do acordo marco, correspondéndolle á entidade adherida (Entidade local) adxudicar o contrato derivado e a súa execución, recepción e abono do mesmo.

Quinta.- A Disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece que os Concellos poderán concertar convenios de colaboración en virtude dos cales se encomende a xestión do procedemento de contratación ás Deputacións Provinciais.

En relación co anterior, o artigo 36.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establece como competencia propia das Deputacións Provinciais dar soporte aos Concellos para a tramitación de procedementos administrativos e a realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles encoméndenllas .

Asímesmo, o artigo 36.1.g) da citada Lei de Bases establece que é unha competencia propia das Deputacións a prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos Concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes, precepto que da efectividade á prestación duns servizos que esixen a aplicación da tecnoloxía informática e a eficiencia na contratación que os municipios de pequena ou mediana poboación poden non estar en condicións de asumir.

Tendo en conta que os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como se establece no artigo 47 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, no artigo 57 da Lei de bases do réxime local e no artigo 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e existindo vontade de colaboración das entidades comparecentes, as partes acordan subscribir este convenio segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio.

Este Convenio ten por obxecto regular as bases' de colaboración para a adhesión do Concello de _____/ Mancomunidade / Entidade local menor ao acordo marco da Deputación de Pontevedra para a contratación dos servizos de impresión e dixitalización municipais.

SEGUNDA.- Condicións do Servizo

- A través do acordo marco estableceranse as condicións comúns para os servizos de impresión e dixitalización de documentos. Mediante aquel serán formalizados todos os prezos e condicións do servizo integral de soporte, mantemento e xestión dos equipos de impresión e dixitalización.

- A entidade local adherida terá a posibilidade de non adxudicar o contrato derivado se os prezos obtidos no acordo marco tramitado pola Deputación non son do seu interese.

- O concello determinará cal será a duración total do contrato derivado, establecéndose en períodos mensuais e sen que poida superar inicialmente 24 meses.

-Poderanse adxudicar e prorrogar, ata 24 meses más, os contratos derivados dentro do período de vixencia do acordo marco. Fóra deste período non existirá ningunha vinculación contractual nos termos da Lei de contratos.

- Establécenseacordos de nivel de servizo para a xestión de incidencias e intervencións técnicas realizadas polo adxudicatario en cada unha das entidades adheridas.

- Defínense seis tipos de equipos que cobren as necesidades das entidades:

Desde equipos de sobremesa en branco e negro ata equipos multifunción en cor en formato A3.

Cada concello pode elixir o número e tipo de equipos que necesita en cada unhadas súas sedes en función das necesidades e o custo de aluguer dos mesmos.

Os equipos subministraranse en réxime de arrendamento.

Os equipos serán recollidos polo adxudicatario unha vez terminado o período de vixencia do contrato non existindo a posibilidade de compra do equipamento por parte da entidade.

- Unha vez finalizado o período de vixencia ou adhesión ao contrato o licitador deberá recoller, sen custo algún para a entidade, todos os equipos fornecidos á entidade en cuestión, non recolléndose neste contrato a posibilidade de compra final do equipamento por parte da entidade.

- En ningún caso poderase impor por parte da adxudicatario condición mínima algunha relacionada con cantidade de equipamento mínimo a adquirir ou volume mínimo de copias a realizar por parte das entidades, coa intención de limitar con iso o acceso destas á adhesión do contrato e aos servizos contemplados no mesmo.

- As cotas mensuais practicadas polo adxudicatario ás entidades adheridas resultarán da suma dos seguintes conceptos:

Copias: páxinas impresas segmentadas en copias en branco e negro e copias en cor.

O custo por copia é o mesmo en todos os equipos.

Aluguer dos equipos segundo o número e tipoloxía do equipamento; inclúese no custo os accesorios, o servizo de mantemento e calquera taxa adicional esixida (residuos, etc.)

TERCEIRA.- Obrigas das partes

Obrigas da Deputación de Pontevedra (entidade tramitadora)

A Deputación de Pontevedra será a entidade tramitadora do acordo marco, correspondéndolle a xestión íntegra do expediente de contratación que comprenderá:

- A redacción do Prego de cláusulas administrativas particulares e do Prego de prescricións técnicas.

- Os informes preceptivos.

-A realización de todos os actos administrativos esixidos legalmente, como Iniciación e aprobación do expediente de contratación, publicación de anuncios de licitación, perfil de contratante, celebración de sesións das mesas de contratación, elaboración de informes técnicos de valoración das ofertas presentadas, solicitar a xustificación das ofertas en caso de resultar declaradas anormais ou desproporcionadas, formulación de proposta de empresa máis vantaxosa para formar parte do acordo marco.

-A Deputación facilitará modelos de acordos de adxudicación e contratos derivados aos Concellos.

- Asistencia para a resolución de todas .as incidencias que puidesen xurdir durante a execución do contrato, tales como modificacións, revisión de prezos, resolución, ou imposición de penalidades.

Obrigas dos Concellos / Mancomunidades / Entidades locales menores (entidade adherida)

-Adxudicar e formalizar o contrato derivado, sendo responsable da súa execución, recepción e abono do mesmo.

Para a adxudicación por parte do concello non será necesario levar ningún procedernento de adxudicación, xa que forma parte do acordo marco coa Deputación, entidad e tramitadora, que realizará previamente todo o procedemento conforme a Lei.

-Na adxudicación e formalización do contrato derivado deberase determinar a duración do contrato en períodos mensuais.

- Permanecer adherido ao acordo marco por un período mínimo de 12 meses.

- Responder xuridicamente dos actos realizados ante o contratista e terceiros.

CUARTA.- Forma de Adhesión

Por acordo do órgano competente da Entidade Local no formato que se adxunta como Anexo I

ANEXO I

*Visto o Convenio de colaboración para a adhesión das entidades locais da provincia ao acordo marco tramitado pola Deputación de Pontevedra para a contratación dos servizos de impresión e dixitalización municipeis, de conformidade co establecido no artigo 21/22/23 * da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local o AlcaldelXunta de Goberno/ Pleno*,*

ACORDA

Primeiro. A aprobación do citado Convenio nos termos expresados co compromiso de cumprir e facer cumprir as obrigas municipais derivadas de mesmo.

Segundo. A adhesión ao acordo marco da Deputación Provincial de Pontevedra para a contratación dos servizos de impresión e dixitalización municipais.

*Terceiro. Designar, a todos os efectos, como responsable do Concello / Mancomunidade / Entidade local / menor no presente expediente a DIDa** _____*

Cuarto. Trasladar o presente acordo de adhesión ao Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación Provincial de Pontevedra aos efectos oportunos.

En , 8_ de de 20__
** Determinar o artigoen función do órgano competente para acordar a adhesión*
*** Especificar tamén o cargo ocupado no ConcellolMancomunidadelEntidade local menor*

QUINT A.- Vixencia

Este convenio producirá efectos desde o momento da súa sinatura e terá vixencia durante o prazo de dous anos, duración inicial do acordo marco, que poderán ser prorrogados ata dous anos máis no caso de que se prorrogue o acordo marco que rexe o procede mento de contratación deste servizo.

A prórroga deberá acordarse expresamente por mutuo acordo das partes, sen que poida producirse o seu consentimento tácito.

SEXTA.- Modificación do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora e da Secretaría Xeral e Intervención da Deputación.

SÉTIMA.- Seguimento dos traballos

Para avaliar o desenvolvemento do convenio de colaboración constituirase unha comisión de seguimento composta por dous representantes de cada institución asinante, actuando como presidente da mesma un dos representantes da Deputación.

Esta comisión encargarse do seguimento das actuacións e avaliación dos resultados e desenvolverase durante toda a duración do convenio de xeito continuado.

A comisión ditará as súas propias normas internas de funcionamento, reunirase cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, como mínimo unha vez ao ano; ostentará a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

OITAVA.- Resolución do convenio

Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
b) O acordo unánime de todos os asinantes.
c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, a outra parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coa s obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento tamén será comunicado á comisión de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio.

Se trascurrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará a outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.

f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na normativa.

NOVENA.- Resolución de conflitos

Mediante a sinatura deste convenio as partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir entre as partes durante o desenvolvemento e execución deste convenio e que non poidan ser resoltas pola Comisión de seguimento prevista na cláusula sétima someteranse á xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA.- Remisión do Convenio ao Tribunal de Contas

Unha vez concluído o exercicio correspondente procederase á remisión do presente Convenio ao Tribunal de Contas de acordo co procedemento establecido na Resolución Presidencial n? 2017008767, de data 3 de maio de 2017, en relación co preceptuado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, tendo en conta que os compromisos económicos da Deputación de Pontevedra derivados deste Convenio non superan os 600.000,00 euros.

DÉCIMO PRIMERA.- Réxime xurídico

O presente Convenio ten natureza administrativa e para a resolución das dúbidas e lagoas que puidesen exporse na aplicación do mesmo estarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Despois de ler as dúas partes este convenio asínano como proba de conformidade e por duplicado no lugar e a data que se indican máis arriba.

A Presidenta da Deputación de Pontevedra,
Asdo. María del Carmen Silva Rego
O Secretario,
Asdo.-Carlos Cuadrado Romay".

O/A Alcalde/Alcaldesa do Concello de _
Asdo. _

9º.- DAR CONTA DE TRÁMITES E ACORDOS VARIOS.

Dase conta de:

9.1.- Rexistro de Entrada 4862, de data 20 de novembro de 2018, de GLARUS IBERICA, presentando reclamación de responsabilidad patrimonial, por un corte xeneralizado de auga o día 06

de xuño de 2018, e cando se volveu a restablecer o servizo foi con presión elevado o que ocasinou rotura de tuberías na zona.

9.2.- Rexistro de Entrada nº 4821, de data 16 de novembro de 2018, da DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, remitindo resolución de aprobación de convenio de colaboración co Concello de Silleda para o investimento "MELLORA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE VIAL NO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE E CENTRO SOCIAL DE MAIORES DE SILLEDA" - Expediente 2018042966.

9.3.- Rexistro de Entrada nº 4866, de data 20 de novembro de 2018, de UFD GRUPO NATURGY, solicitando petición de suministro eléctrico para a obra RBT Soldecasa-Escuadro, 7.

9.4.- Rexistro de Entrada nº 4878, de data 21 de novembro de 2018, da DIRECCIÓN XERAL DE TATRIMONIO CULTURAL – Consellería de Cultura e Turismo, remitindo informe emitido polo Servizo de Conservación da Natureza en relación coas actuacións de reparación e restauración no antigo Mosteiro de Carboeiro.

9.5.- Rexistro de Entrada nº 4767, de data 13 de novembro de 2018 do ORAL, remitindo comunicación do Plan de Cobranza das Taxas e Prezos Públicos do exercicio 2019.

9.6.- Rexistro de Entrada nº 4861, de data 20 de novembro de 2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestructuras e Vivenda, solicitando informe para instrucción de reclamación patrimonial sobre existencia de grava miúda á altura do p.q. 13+55 da PO-534, no TM de Silleda; así como do informe 317/18 emitido ó respecto pola Policía Local o 21 de novembro de 2018.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e dez minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 26 de novembro de 2018

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO
Asdo. Manuel Quintáns Queiruga